

MANUEL BLANCO PRESIDENTE DO PESCADOS RUBÉN-BURELA FS

«Estou orgulloso de presidir este club sempre, non só nos bos momentos»

Os equipos feminino e masculino, líderes en Primeira e Segunda, fan soñar ao dirixente: «Non é imposible que elas gañen a Liga e eles ascendan»

L. MEITÍN BUIÁN
BURELA / LA VOZ

Corren moi bos tempos para o Pescados Rubén-Burela FS e o seu máximo dirixente saca peito. Iso si, sen levantar os pés do chan. «Sería fantástico rematar así a tempada, pero isto acaba de comezar e queda un longo camiño por diante que debemos afrontar ca mesma actitude e ilusión que ata o de agora», razoa Manuel Blanco (San Román de Villaestrofe-Cervo, 1968), que se aferra con forza á prudencia aínda que nalgún momento da entrevista deixase levar pola paixón e fantasea cun futuro do máis próspero vendo ao equipo feminino no máis alto da Primeira División e ao masculino no liderado de Segunda.



O máximo dirixente burelista, nas oficinas do Pescados Rubén-Burela en Arcadio Pardiñas. PRBFS

—Imaxino aos afeccionados burelistas co orgullo polas nubes...
—A satisfacción é grande. Ver aos dous equipos aí arriba, liderando os seus campionatos, é motivo de orgullo e reforza a ilusión de todos, tanto dos afeccionados como dos que formamos o Pescados Rubén-Burela. Tamén hai que dicir que o fácil é estar ao lado do equipo nas boas. Eu estou orgulloso de presidir este club sempre, non só nos bos momentos.
—¿Sorpréndelle algúns dos dous liderados?
—Este ano demos un paso máis na nosa aposta por estar sempre o máis arriba posible, tanto co equipo feminino como o masculino, polo tanto non me parecen estrañas estas traxectorias.
—A goleada das rapazas na pasada xornada era de esperar. ¿Non cre?
—Non había máis que mirar a clasificación para darse conta que era un partido que tiñamos que gañar si ou si, a pesar das importantes baixas que ten o equipo nestas primeiras xornadas. Bea Mateos, Peque e Cami son tres xogadoras fundamentais nesta plantilla, igual que Iago Míguez e Matamoros no conxunto masculino.
—Sen eses dous homes foron capaces de asaltar o refuxio do Real Betis.
—Foron tres puntos que non só nos valeron para coller o liderado, senón tamén para fortalecer

«Este ano demos un paso máis na nosa aposta por estar sempre o máis arriba posible, polo tanto non me parecen estrañas estas traxectorias»

a confianza do equipo, e para demostrarlle ao rapaces que son capaces de loitar contra todo e que lle poden gañar a calquera.
—¿Que é máis difícil, que o Burela feminino gañe a liga ou que o masculino suba a Primeira?
—Vaia pregunta... (risas). As dúas cousas con tremendamente difíciles, pero non imposibles. O club e o seu patrocinador principal, Pescados Rubén, volveron facer un gran esforzo ca esperanza de acadar eses obxectivos e estamos no bo camiño, pero hai que seguir na mesma liña. En Segunda División, desde hai uns anos a igualdade é máxima entre os equipos e na clasificación; gañas un par de partidos e méteste arriba e se os perdes caes ao medio da táboa. E na Primeira feminina cada ano hai máis competencia na loita polo título, algo tremendamente beneficioso para o fútbol sala feminino.

«Tanto en Primeira como en Segunda División hai que saír sempre ca mentalidade de que ningún rival é fácil e que hai que dar o máximo»

—¿A obriga é a mesma nos dous equipos?
—Por suposto. Son futbolistas profesionais. Como che dicía antes, este ano demos un paso máis e fixemos un gran esforzo para que o equipo feminino volva a ganar títulos e o masculino regrese a Primeira División. Pero volvo a dicir, non é nada fácil porque hai máis equipos que perseguen o mesmo e hai que ter sorte cas lesións, que nós, de momento, non a estamos tendo.
—En Primeira parece que o Atlético de Madrid será o gran rival do Pescados Rubén.
—Atlético de Madrid, Roldán, Universidade de Alicante... Aínda que estes dous últimos xa tiveron algún tropezo, son dous equipos moi potentes que seguro que van estar aí.
—E en Segunda da a sensación de que o Pescados Rubén e o Betis son os dous candidatos

«Non hai dúbida de que o Osasuna Magna é o gran favorito na eliminatoria de mañá [por hoxe], pero ímolo intentar»

mellor preparados para ascender a Primera.
—Hai outros equipos, como o Mengibar, que tamén se reforzaron moi ben. Nesta categoría é moi arriscado facer pronósticos porque sempre salta algunha sorpresa. O ano pasado eran poucos o que apostaban polo UMA Antequera na promoción e hoxe está en Primeira. Tanto na Primeira feminina como na Segunda masculina sempre hai que saír á pista ca mentalidade de que ningún rival é fácil e que hai que dar o máximo.
—Mañá [por hoxe] volve a Copa do Rei ao Vista Alegre. Pasar aos oitavos de final sería un sorpresa.
—No hai dúbida de que o Osasuna Magna é o gran favorito na eliminatoria porque é de Primeira, e ademais un dos equipos importantes, e nós de Segunda, pero ímolo intentar. Sería bonito estar nos oitavos de final.

Rafa Usín es duda en el Osasuna Magna en su visita al Vista Alegre en la Copa del Rey

BURELA / LA VOZ

El equipo de Juanma Marrube vuelve al parque de Vista Alegre esta noche (21.00 horas) para disputar la eliminatoria de dieciséisavos de final de la Copa del Rey. Y tal y como reconoce su técnico, en esta ocasión el papel de favorito le toca a su adversario, el Osasuna Magna. «Queremos seguir creciendo. Para nosotros es un reto bonito, un alliciente, enfrentarnos a un histórico de la Liga Nacional. Tenemos que ser valientes, y más jugando en casa» aseguraba el técnico.

La expedición naranja regresó el domingo por la mañana de la pista del Betis y por la tarde el equipo tuvo una sesión regenerativa en el Resort Thalasso Las Sirenas de Viveiro. «No somos un equipo acostumbrado a jugar dos veces por semana, venimos de un viaje muy largo, de un partido muy exigente. Con todo eso no es el mejor día, pero la fortaleza mental del resultado en Sevilla puede ayudarla enfocar bien este partido», explicaba el preparador del Pescados Rubén, que seguirá sin poder contar con Iago Míguez y Matamoros.

«El Magna tiene una identidad muy clara y asentada, de trabajo y de cómo jugar. Es un rival muy duro, aunque este año está en un proceso de transformación, de hacer equipo, con la gran ausencia de Esevenri y muchas incorporaciones». Así analizaba el Mariskal al equipo de Imanol Arregui, que saltará al mausoleo naranja con el exburelista Chino en sus filas, «un jugador con huella, con gol, que tiene uno contra uno», precisaba el técnico marriano, aludiendo también a otro de los nuevos, Álex Diz, procedente del Santiago Futsal, y sobre todo al potencial que aportan jugadores como Binho, Eric Martel y Rafa Usín. Este último se lastimó en el partido en la cancha del O Parrulo y podría guardar reposo esta noche.

TODAS LAS ELIMINATORIAS

1/16 Final (partido único)	HORA
HOY	
Gran Canaria-UMA Antequera	20.00
Noia Portus Apostoli-O Parrulo	20.30
Manresa-Zaragoza	20.45
Córdoba-Valdepeñas	21.00
Nueva Elda-Levante	21.00
P. Rubén Burela-Osasuna Magna	21.00
Real Betis-Jaén Paraíso Interior	21.00
Santiago Futsal-Ribera Navarra	21.00
Mengibar-Jimbee Cartagena	21.00
Castelldefels-Peñíscola	21.15
Tenerife Iberia Toscal-Palma	22.00
MAÑANA	
Leganés-Segovia	20.30
Rivas Futsal-ElPozo Murcia	20.25
Pallejá-Santa Coloma	21.00